



“O Programa Deportivo Escolar bate records de participación na súa decimocuarta edición, e consolídase como un referente na promoción do deporte base nos centros educativos da vila; un 30% da comunidade escolar de infantil e primaria está inscrita en algunha das actividades”

Este luns, día **2 de outubro** arrancou unha nova edición (14) do **PROGRAMA DEPORTIVO ESCOLAR**, que abarcará dende o **2 de outubro ata o 31 de maio de 2018**. A actividade desenrolarase nos diferentes centros escolares da vila e nas instalacións deportivas dos propios clubs.

En total inscribíronse **764 nenos/as** distribuídos da seguinte forma:

ATLETISMO	32	TENIS	50
BALONCESTO	24	VELA	8
CICLISMO	16	VOLEIBOL	30
PATINAXE	286	WINDSURF	8
PIRAGÜISMO	20	XADREZ	36
PSICOMOTRICIDADE	10	XIMNASIA (acrobática)	83
TAEKWONDO	152		

TODAVÍA EXISTE A POSIBILIDADE DE ANOTAR OS NENOS/AS NAS ACTIVIDADES QUE TEÑAN PRAZA LIBRE

O Programa Deportivo Escolar, é un dos **principais referentes municipais** na organización e programación de actividades para os nenos/as de cangas.

Trátase dun conglomero de **actividades deportivas extraescolares** que se ofertan dende a Concellaría de Deportes, para os nenos/as de educación infantil e primaria, dos 10 centros educativos do Concello de Cangas.

As actividades son impartidas polos **monitores responsables dos propios clubs deportivos** do municipio, xa que o obxectivo principal deste programa é dar a coñecer a actividade nos colexios, e si lles gusta que o seu tránsito a un club sea máis sinxelo.

A día de hoxe xa son moitos os nenos/as que comezaron nas Escolas Deportivas da Concellaría, e que co paso dos anos conseguiron **grandes resultados deportivos** a nivel autonómico e nacional na súas respectivas modalidades.

Dende a Concellaría de Deportes **agradecer** a enorme colaboración das ANPAS, CENTROS ESCOLARES e CLUBS do municipio, sen a cal sería moi complicado levar a cabo este Programa Deportivo Escolar.

Cangas, a 2 de outubro de 2017